# Teatro Principal de Ourense

programación segundo semestre 2024

Edita **Teatro Principal de Ourense**
**disigna edenia** • Imprime **RODI Artes Gráficas** • Dep. legal: OU-2-2004



Levántase o telón do Teatro Principal de Ourense, para dar cabida a unha nova tempada de programación cultural que abarque todo o segundo semestre do ano 2024.

A conxunción de forzas fai posible a sinerxia necesaria para optar á proposta de alto nivel artístico, que os cidadáns poderán gozar durante esta nova tempada.

Unha vez máis, a nosa inquietude e finalidade é chegar a todos os cidadáns, sen límites de idade; mover conciencias e motivar o achegamento e gozar a través do Teatro, da Música, da Danza, do Cinema, do Circo..., en fin, da CULTURA.

Olga Mojón Costela
Directora do Teatro Principal de Ourense

Se levanta el telón del Teatro Principal de Ourense, para dar cabida a una nueva temporada de programación cultural que abarque todo el segundo semestre del año 2024.

La conjunción de fuerzas que hace posible la sinergia necesaria para optar a la propuesta de alto nivel artístico, que los ciudadanos podrán disfrutar durante esta nueva temporada.

Una vez más, nuestra inquietud y finalidad es llegar a todos los ciudadanos, sin límites de edad; mover conciencias y motivar el acercamiento y disfrute a través del Teatro, de la Música, de la Danza, del Cine, del Circo..., en fin, de la CULTURA.

Olga Mojón Costela
Directora del Teatro Principal de Ourense






**A través de Ramón Gómez de la Serna**
**dirección Xavier Alberti**

## TEATRO ESPAÑOL Y BRAVO TEATRO S.L.
## «DON RAMÓN MARÍA DEL VALLE-INCLÁN»

### FICHA TÉCNICA

Elenco:
Pedro Casablanc
Mario Molina (piano)

**día 12**
**21:00 horas**

Duración: 75 min.
Descanso: Non
Clasificación: Teatro
Público: Adulto
Lingua: Castelán
Tarifa: A

Organiza:
Teatro Principal
Patrocina:
Deputación Ourense

Es la historia de una mirada, la de Don Ramón Gómez de la Serna. La mirada encuentra unas palabras y esas palabras buscan un eco en la vida y la obra de Don Ramón María del Valle-Inclán. Es un diálogo, un diálogo entre ecos, un diálogo fantasmagórico, un diálogo desde las ausencias. Es una reflexión sobre la validez de la literatura para entender la vida. Es la literatura como columna vertebral de una vida. Es un espectáculo que nos tiene que hacer intuir, entender, sintonizar, vibrar, sentir los ecos de una época impresionante, de una época en donde el arte y la vida se daban la mano. Quizá esa época vuelva a estar viva entre nosotros.

Premio Godot 2023
Premio Talía 2024
Finalista Premios MAX 2024






**de Nunila López Salamero**
**dirección Fina Calleja**



## SARABELA TEATRO
## «A CINCENTA QUE NON QUERÍA COMER PERDICES»

### FICHA TÉCNICA

Elenco:
Elena Seijo
Sabela Gago
Fernando Dacosta

**día 18 (escolar)**
**día 19**
**21:00 horas**

Duración: 55 min.
Descanso: Non
Clasificación: Teatro contemporáneo
Público: Familiar, maiores de 11 anos
Lingua: Galego
Tarifa: Entrada única 5€

Organiza:
Teatro Principal
Patrocina:
Deputación Ourense, AGADIC

ESTREA NACIONAL

Esta historia, escrita por Nunila López Salamero fálanos dunha moza perdida que pretende desmontar os falsos mitos ao redor do amor romántico, fálanos de tantas historias de princesas liberadas por príncipes azuis que, en demasiados casos, saen ras.

*A cincenta que non quería comer perdices* é un conto moderno para nenos/as? que revisa con humor o papel que desempeñou a muller durante moito tempo. É un alegato que defende a liberdade de ser quen unha queira ser e como unha queira ser.

Esta peza pon en cuestión o papel que xogaron na historia os contos de fadas nos que se acaba por promover o rol das nenas como entes pasivos agardando a que lles pidan a man. *A cincenta que non quería comer perdices* fala de temas tan de actualidade como a violencia de xénero, que segue sendo un problema entre os máis novos.






de Florian Zeller
**dirección Juan Carlos Fisher**

## BARCO PIRATA PRODUCCIONES TEATRALES «LA MADRE»

### FICHA TÉCNICA

Elenco:
Aitana Sánchez-Gijón
Juan Carlos Vellido
Alex Villazán
Julia Roch

**día 20**
**21:00 horas**

Duración: 90 min.
Descanso: Non
Clasificación: Teatro
Público: Adulto
Lingua: Castelán
Tarifa: A

Organiza:
Teatro Principal
Patrocina:
Deputación Ourense

¿Puede una madre amar demasiado? ¿Existen límites para ese amor? ¿Qué ocurre cuando un hijo crece y se va?

Anne ha construido una vida alrededor de su hijo Nicolás y, ahora que se ha ido, debe enfrentarse a la pérdida, al nido vacío y al verdadero vínculo con su marido.

¿Ha vivido para ella o para los demás? ¿Ha valido la pena? ¿Hay algún sentido para lo que queda? Las decisiones que ha tomado la atormentan y hay tanto que quiere decir ahora…

La madre es la atrapante y conmovedora obra del ganador del Oscar, Tony y Moliere, Florian Zeller.

Aitana Sánchez-Gijón vuelve a los escenarios con uno de los personajes más aclamados de los últimos tiempos, en una obra que cuestiona cuáles son los límites de la soledad, el vacío y la cordura.






de José Luis Prieto Roca
**dirección Tito Asorey**

s e t e m b r o

## ETIQUETA NEGRA «GO-HOME»

### FICHA TÉCNICA

Elenco:
Josito Porto
David Amor

**día 26**
**21:00 horas**

Duración: 90 min.
Descanso: Non
Clasificación: Teatro/ Comedia
Público: Adulto
Lingua: Galego
Tarifa: B

Organiza:
Teatro Principal
Patrocina:
Deputación Ourense, AGADIC

*GO HOME* conta a historia de David, un fanático do turismo que xa fixo todo tipo de aventuras que as axencias de turismo lle podían ofrecer. Todas menos unha: unha viaxe sorpresa, a cegas, na que non sabe o que lle vai acontecer. A peripecia levarão a pasar a noite no Cebreiro, comezando unha aventura na que David gozará de emocións intensas, tales como a dúbida, o medo e a sorpresa.

*GO HOME* é o novo espectáculo dirixido por Tito Asorey, e está protagonizado por David Amor e Josito Porto en asociación con grandes da dramaturxia como José Prieto, José Faro, Laura Iturralde, Patricia Ferreira e Xavier Porto. Trátase dunha comedia, comprometida coa realidade e cun elenco de luxo para tratar unha das temáticas máis de actualidade do momento: o turismo e a xerintrificación.

Esta peza teatral observa a realidade, así como as súas problemáticas asociadas a Galicia, na procura dunha obra chea onde teñen cabida a reflexión, a diversión e a investigación escénica.






de Brais González

## GRUPO CASPERVEK ÓPERA «A LOBA BRANCA»

**FICHA TÉCNICA**

Intérpretes:
25 compoñentes: violín, viola, cello, clarinete, frauta, percusión e piano

Elenco vocal:
soprano, mezzo-soprano, narrador e coro

**día 27**
**21:00 horas**

Duración: 80 min.
Descanso: Non
Clasificación: Música de cámara / Ópera
Público: Todos
Tarifa: B

Organiza:
Teatro Principal

Patrocina:
Deputación Ourense,AGADIC

Colabora:
Fundación Vicente Risco "Xornada A música ten ondas como o mar: A Música e Vicente Risco", Consello Da Cultura Galega

En Xaneiro de 2022, o Festival delle Nazione de Città de Castello (Umbria, Italia) encargou ó compositor vigués Brais González a creación dunha ópera baseada nunha lenda ou conto tradicional do seu país para estrear durante a celebración da 55º edición do festival, en agosto dese mesmo ano.
O compositor elixiu unha coñecida historia da Serra do Courel, coñecida na zona como a "lenda da loba branca"; un relato curto que narra a complicada relación entre unha manda de lobos e as aldeas veciñas. Esta historia serviu a Brais González para escribir un libreto propio que estende a historia orixinal, dotándoa dun arco narrativo máis complexo e que permite ao autor tratar temas de gran relevancia como as complicadas relacións coa contorna no medio rural, o respecto á natureza, a honra ou a vinganza.
A obra estreouse nunha sesión dobre o 28 de agosto de 2022 no Teatro degli Illuminati de Città di Castello esgotando as localidades nas dúas representacións. Posteriormente, en decembro dese mesmo ano, a obra representouse de novo no Teatro Cuccinelli de Solomeo, nunha produción dirixida por Mario Cecchetti con Carolyne Beck e Veronica Martinelli como solistas principais. A obra agarda novas representacións en Modena, Perugia e Nápoles para 2023/24.
Brais González escribiu o texto lírico da ópera orixinalmente en galego. A versión representada en Italia, aínda conservando (a pedimento do compositor) algunhas palabras na lingua orixinal na que foi escrita, foi traducida ao italiano por expertos en tradución lírica. Por tanto, a versión orixinal da obra en galego, permanece a día de hoxe, inédita. As representacións orixinais, semi-escénicas, foron acompañadas polo traballo de vídeo en directo e manipulación de area do director de cinema italiano Massimo Otoni. A representación en Solomeo de decembro de 2022 estivo auspiciada polo Centro de Estudos Galegos da Universidade de Perugia.
A música de *Loba Branca* está inspirada na música tradicional galega e noutras influencias tradicionais celtas, que se unen á linguaxe habitual da música de Brais González: ritmos complexos, texturas ambientais e fusión coas músicas de tradición oral e as músicas populares urbanas.






## FESTIVAL DE CINE DE OURENSE (OUFF)

FICHA TÉCNICA

**días 28 de setembro a 6 de outubro**

Clasificación: Cine
Público: Todos

Organiza: Teatro Principal
Patrocina: Deputación Ourense, Fundación Carlos Vello

Programación pendente de peche






## FESTIVAL BLUES TEATRO PRINCIPAL 2024

### FICHA TÉCNICA

Elenco:
Claudio Gabis
Martha High

**día 11**
**21:00 horas**

Duración: 120 min.
Descanso: Si
Clasificación: Blues
Público: Adulto
Tarifa: Especial

Organiza:
Teatro Principal
Patrocina:
Deputación Ourense

Este Festival Internacional de Blues no es solo un evento musical; es una celebración de la historia, la cultura y el poder emocional del blues. Con una alineación estelar y un ambiente incomparable, el Teatro Principal se convertirá en el epicentro del blues en una noche mágica.

**CLAUDIO GABIS BLUES BAND** (ARGENTINA)

Claudio Gabis, una leyenda viva del rock y el blues argentino, encabezará el festival.
Reconocido como uno de los mejores guitarristas de Argentina y galardonado con el Premio Konex de Música Popular, Gabis traerá su incomparable talento y experiencia al escenario del Teatro Principal.

**MARTHA HIGH** (VOCALISTA JAMES BROWN & MACEO PARKER) USA

Martha High, conocida por su trabajo con leyendas como James Brown y Maceo Parker, traerá su poderosa voz y presencia escénica al Teatro Principal.
Acompañada por una banda liderada por Julián Maeso, Martha ofrecerá una actuación que es un verdadero homenaje al soul y al funk.






de Elvi Balboa
**dirección Elvi Balboa**



## ELVI BALBOA «ANÖA»

### FICHA TÉCNICA

Elenco:
Marina Capel
Berta Pascual
Ioar Labat
Joan Ferré
Joan Aguilà
Lucía Bocanegra

**día 19**
**20:00 horas**

Duración: 60 min.
Descanso: Non
Clasificación: Danza contemporánea
Público: Adulto
Tarifa: C

Organiza:
Teatro Principal
Patrocina:
Deputación Ourense, AGADIC

*ANÖA* é unha viaxe efímera e acumulativa onde involucrar o corpo para producir unha experiencia emocional e sensorial.

Un acto de insistencia e resistencia, unha acumulación de enerxía para chegar a unha liberación catártica e emocional.

Esta viaxe contémplase como un ritual que ten a vontade de mostrar a máscara, a vulnerabilidade...

5 corpos en movemento que anhelan chegar ao climax.






## XVII FESTIVAL INTERNACIONAL DE TEATRO DE OURENSE (FITO)

FICHA TÉCNICA

**días 17, 18, 20, 24, 25, 26, 27**

Clasificación: Teatro
Público: Adulto

Organiza: Teatro Principal
Patrocina: Deputación Ourense, AGADIC

Programa pendente de peche






de Ledicia Sola, Marta Doviro, Carmen Méndez
**dir. Ledicia Sola, Marta Doviro, Carmen Méndez**



## ETIQUETA NEGRA PRODUCCIÓNS «AS R(H)UMOROSAS»

### FICHA TÉCNICA

Elenco:
Ledicia Sola
Marta Doviro
Carmen Méndez

**día 9**
**20:00 horas**

Duración: 80 min.
Descanso: Non
Clasificación: Teatro/ Comedia
Público: Adulto
Lingua: Galego
Tarifa: B

Organiza:
Teatro Principal
Patrocina:
Deputación Ourense, AGADIC

*As R(h)umorosas* trátase dunha proposta teatral cómica onde 3 actrices poñen en valor as grandes mulleres da historia galega, nun contexto fresco, orixinal, divertido e moi innovador. Qué dirían María Pita, Rosalía de Castro ou Isabel Zendal se fosen cómicas hoxe en día?
Isto é o que Ledicia Sola, Marta Doviro e Carmen Méndez se preguntaron como premisa para empezar a construír este espectáculo.
Sabemos algunhas cousas que se din delas nos libros, pero que contarían elas de sí mesmas se poideran falar?
Marta, Carmen e Ledicia danlles voz a estas e outras mulleres ilustres de Galicia a través de situacións imaxinarias como unha entrevista no SEPE, un programa de cotilleo ou un cásting.
Todas estas situacións en clave de humor plantéxanse coa idea de xogar, imaxinar e sobre todo deixarlles falar ó máis puro estilo micro aberto para coñecelas un pouco mellor.
Nun formato que mestura os monólogos con sketches cómicos e incluso música, achegámonos ós detalles máis descoñecidos de grandes nomes como Emilia Pardo Bazán, María Casares ou incluso lendas como a de Pepa A Loba. Todas elas terán que postularse e facer valer os seus méritos para ser coñecidas e recoñecidas para toda a sociedade.
Despois do seu debut individual como monologuistas Marta, Carmen e Ledicia xuntáronse para facer o espectáculo "Sen restricións" co que percorreron parte do noso territorio. Agora impulsadas por esta nova idea volven unirse en "As r(h)umorosas)" cunha orixinal proposta.






**de Andrea Jiménez, Noemí Rodríguez**
**dirección Andrea Jiménez, Noemí Rodríguez**



## CENTRO DRAMÁTICO GALEGO «TERCEIRO ACTO»

### FICHA TÉCNICA

Elenco:
Belén Constenla
Roberto Leal
Fernando Morán
Mabel Rivera
Eduardo R. Cunha "Tatán"

**día 16**
**20:00 horas**

Duración: 120 min.
Descanso: Non
Clasificación: Teatro
Público: Adulto
Lingua: Galego
Tarifa: B

Organiza:
Teatro Principal
Patrocina:
Deputación Ourense

A idea da conversa sempre está moi presente nos nosos espectáculos. Gústanos a idea do teatro como un foro, como un espazo de negociación que serve para tender pontes, para contradicirnos e para achegarnos uns aos outros.
Esta idea de conversación resúltanos profundamente conmovedora e para *Terceiro acto*, ante a pregunta de como podiamos permanecer vinculados ao pasado nun tempo no que a fenda entre xeracións é tan grande que parece que non podemos herdar as experiencias dos que nos anteceden, propuxémonos ter unha longa e profunda conversa cun grupo de persoas maiores de 60 anos e que ademais dedicaran a súa vida á arte da interpretación e do teatro.
No camiño atopamos cinco persoas extraordinarias, cinco actrices e actores que se entregaron con absoluta xenerosidade á empresa de utilizar o teatro como un lugar para reencontrarse e reflexionar sobre certas cuestións que foron xurdindo ao longo do proceso e converténdose en relevantes. Reflexionamos sobre ese esplendor vital que emana moitas veces do que poderiamos dar en chamar "o terceiro acto dunha vida", preguntámonos como é o proceso de irse facendo maior, falamos dos anhelos, das perdas, dos soños que lles quedan por cumprir dentro e fóra dun escenario, do lugar onde nos coloca a sociedade ao írmonos facendo maiores. Xuntos, lembramos e reflexionamos sobre días pasados, analizamos o impacto da arte na vida destes cinco artistas e buscamos comprender como a historia destas mulleres e homes foi atravesada pola Historia con maiúscula. Cinco persoas que naceron nunha ditadura e que na súa mocidade creron que podían comezar de cero e loitar por un novo mundo. En Terceiro acto analizamos tamén o seu legado e formulamos hipóteses sobre como será o mundo cando eles xa non estean.
Neste momento no que a historia corre a unha velocidade endiañada, detémonos para escoitar atentamente, nunha especie de soño poético, a aqueles que van diante de nós, os gardiáns da memoria.






## CONCERTO VOCES FEMENINAS

### FICHA TÉCNICA

Elenco:
Pendente de peche

**día 22**
**20:00 horas**

Duración: 90 min.
Descanso: Si
Clasificación: Música
Público: Adulto
Tarifa: Especial

Organiza:
Teatro Principal
Patrocina:
Deputación Ourense, Coconut produc-ciones

Voces Femeninas nació en 2008 como un espacio en el que dar cabida a grandes intérpretes y compositoras de todo el mundo.

Se trata de dar a conocer al gran público a artistas increíblemente dotadas, algunas con gran predicamento en sus países y en la escena internacional. Es un espacio en el que priman las canciones, en el que foco para la configuración del cartel se pone en la calidad de las artistas.

En definitiva, la intención es reivindicar el talento de toda una generación de intérpretes y compositoras y hacerlo de forma festiva en el Teatro Principal de Ourense, sin el que sería imposible la realización del festival.






de Chévere
dirección Xron



## CHÉVERE PRODUCCIONES «HELEN KELLER, A MULLER MARABILLA»

### FICHA TÉCNICA

Elenco:
Patricia de Lorenzo
Ángela Ibáñez
Chusa Pérez de Vallejo

**día 24**
**19:00 horas**

Duración: 90 min.
Descanso: Non
Clasificación: Teatro
Público: Adulto
Lingua: Galego
Tarifa: B

Organiza:
Teatro Principal
Patrocina:
Deputación Ourense, AGADIC

Todo comeza ao descubrir unha muller, totalmente descoñecida para nós, chamada Helen Keller. Nacida en Tuscumbia (Alabama), convértese nunha celebridade mundial ao ser a primeira persoa xordocega en obter un título universitario en 1904 en Harvard, despois dun duro proceso de aprendizaxe desde os sete anos. Polo menos esta é a parte da súa vida que fica na memoria colectiva, como un exemplo de superación da discapacidade. E polo que sabemos, a maioría dos seus escritos acaban rescatados como simples aforismos motivacionais. Pero ao investigar en varios arquivos dixitais norteamericanos imos descubrindo outras facetas desconcertantes da súa vida, que son sistematicamente ocultadas. E o máis sorpredente, nos últimos anos espállase polas redes sociais unha campaña que afirma que os logros de Helen Keller son falsos, incluíndo unha petición en charge.org para eliminala da historia.

Unha co-produción de Chévere co Centro Dramático Nacional e co Teatre Lliure, con apoio de AGADIC/Xunta de Galicia

# Real Filharmonía de Galicia



directora e primeiro violín
**Amandine Beyer**

PROGRAMA

**JEAN-FÉRY REBEL:** *Les Élements*
**ELISABETH JACQUET DE LA GUERRE:** *Céphale et Procris* (Suite)
**JEAN-MARIE LECLAIR:** *Scylla et Glaucus* (Suite)
**JEAN PHILIPPE RAMEAU:** *Zoroastre* (Suite) e *Les Fêtes d'Hébé* (Suite)



## CONCERTO **REAL FILHARMONÍA DE GALICIA** «OS ELEMENTOS»

### FICHA TÉCNICA

Elenco:
Directora e primeiro violín
Amandine Beyer

**día 29**
**20:00 horas**

Duración: 70 min.
Descanso: Si
Clasificación: Música clásica
Público: Todos
Tarifa: B

Organiza:
Teatro Principal
Patrocina:
Deputación Ourense, Real Filharmonía de Galicia-Consorcio de Santiago

*Os Elementos.*

Discípulo de Lully, o compositor barroco Jean-Féry Rebel foi o director do aclamado conxunto Les 24 violons du Roi. A súa obra *Les Élements* percorre en sete seccións o singular camiño que vai desde o caos inicial á orde e beleza que os catro elementos traen ao universo: as frautas representan a auga e o aire; o baixo, a terra, mentres que os violíns simbolizan o lume. Este programa prosegue coa suite da ópera *Céphale et Procris*, da compositora e famosísima clavecinista Elisabeth Jacquet de la Guerre, obra que a fixo célebre no París de 1694. De la Guerre, a pesar dos seus éxitos, deixou de compoñer de maneira misteriosa. Pero se se fala de enigmas, a morte de Leclair, o compositor da suite *Scylla et Glaucus*, é sen dúbida unha das máis indescifrables da historia da música. Dúas suites de Rameau pechan un concerto repleto de xoias barrocas da música francesa, que trae aos atrís da RFG a artista en residencia Amandine Beyer.






**de Fernando de Rojas**
**dirección Antonio C. Guijosa**

## SECUENCIA 3-PENTACIÓN-SAGA-TEATRE ROMEA «LA CELESTINA»

### FICHA TÉCNICA

Elenco:
Anabel Alonso
José Saiz
Víctor Saiz
Claudia Taboada
Beatriz Grimaldos
David Huertas

**día 30**
**20:00 horas**

Duración: 105 min.
Descanso: Non
Clasificación: Teatro/ Drama
Público: Adulto
Lingua: Castelán
Tarifa: A

Organiza:
Teatro Principal
Patrocina:
Deputación Ourense

Calisto, un joven noble apuesto y de preclaro ingenio, penetra persiguiendo a un halcón en la huerta donde se halla a Melibea, de quien queda profundamente enamorado.

Ante el rechazo de ésta y aconsejado por su criado Sempronio, decide encomendar su cuidado a Celestina, para lograr por medio de ella el amor de Melibea.

La alcahueta consigue mediante artimañas que Melibea se enamore de Calisto. Los criados de éste intentan explotar un beneficio propio a la pasión de su amo: que había prometido una cadena de oro a Celestina si lograba entre todos enamorar a Melibea.

Cuando esto sucede, los criados reclaman su parte y ante la negativa de Celestina, la matan. Son apresados y ejecutados por la justicia, de lo que Calisto tiene noticia al día siguiente.

Los amantes olvidan pronto estos tristes sucesos y gozan del amor hasta que un accidente fortuito acaba con la vida del joven caballero. Ante la muerte de su amado, Melibea sube a una torre y se arroja desde ella tras declarar las causas del suicidio a su padre. Termina la obra con el llanto y unas reflexiones morales de Pleberio, padre de Melibea.






de Edward Albee
**dirección Juan Carlos Rubio**

## TALYCUAL-PENTACIÓN-LÁZARO-LA ALEGRÍA «CAMINO AL ZOO»

### FICHA TÉCNICA

Elenco:
Fernando Tejero
Dani Muriel
Ana Labordeta

**día 15**
**19:00 horas**

Duración: 105 min.
Descanso: Non
Clasificación: Teatro
Público: Adulto
Lingua: Castelán
Tarifa: A

Organiza:
Teatro Principal
Patrocina:
Deputación Ourense, AGADIC

A pesar de ser pareja, la vida cotidiana de Peter y Ann está marcada por la incomunicación y la soledad. Rehuyendo el intento de Ann por afrontar la situación, Peter decide pasar el día en el zoológico de Central Park. Allí conocerá a Jerry, un excéntrico personaje que le obliga a escuchar sus historias hasta la última y más espeluznante de todas: el motivo real de su visita al zoo.






## CONCERTO DE GOSPEL «MISSISSIPPI MASS CHOIR»

### FICHA TÉCNICA

Elenco:
18 compoñentes

**día 18**
**20:00 horas**

Duración: 90 min.
Descanso: Non
Clasificación: Góspel
Público: Todos
Tarifa: Butaca de patio e platea 25€, 1º piso 23€, 2º piso 17€, paraíso e VR 13€

Organiza:
Teatro Principal
Patrocina:
Deputación Ourense

"THE GOSPEL LEGEND TOUR"

Grandes del Gospel presentará en la Navidad del 2024 "The Gospel Legend Tour", la gira europea de la gran coral norteamericana The Mississippi Mass Choir.

The Mississippi Mass Choir fue fundado en 1988 por Frank Williams, miembro de los Jackson Southernaires y director ejecutivo de la división gospel de Malaco Records. El coro grabó su primer disco el 28 de octubre de ese mismo año en el Jackson Municipal Auditorium. En la primavera del 1989, con solo cinco semanas en el mercado, el disco se situó en el Nº1 de la lista de música Gospel de Billboard. El disco también fue Nº1 en la lista de Cash Box.

En este mismo año MMC fue votado Coro del Año y Mejor Nuevo Artista del Año en la Convención James Cleveland de Nueva Orleans. También fueron distinguidos en los Stellar Awards en cuatro categorías, Coro del Año, Disco del Año, Mejor Nuevo Artista y Mejor Vídeo de Gospel. Fue el preludio perfecto para un coro que acabaría haciendo del mundo su escenario girando continuamente por los Estados Unidos, Japón, América Latina y Europa, siendo el primer grupo de gospel en actuar en la Acrópolis de Atenas.

1997 Grammy Award Best Gospel Album by a Choir or Chorus, "I'll See You in the Rapture".




de Alexandre Gelman
**dirección Cristina Moreira**

d e c e m b r o

## RAÚL RODRÍGUEZ DA SILVA «ALMAR»

### FICHA TÉCNICA

Elenco:
Josi Lage
Gabriel Prada

**día 20**
**20:00 horas**

Duración: 90 min.
Descanso: Non
Clasificación: Teatro
Público: Adulto
Lingua: Galego
Tarifa: B

Organiza:
Teatro Principal
Patrocina:
Deputación Ourense

O dramaturgo soviético-ruso Alexander Gelman recrea a despedida entre dous namorados: Albert Einstein e a espía soviética Margarita Konionkova. Un amor tan profundo e oculto que tardou 50 anos en saír á luz a través das cartas de Einstein a Margarita, Londres 1995. Nin sequera nos voluminosos informes do FBI sobre o gran científico apareceu esta relación íntima. AMOR con maiúscula, unidade de dous que tamén nos leva a reflexionar sobre as amenazas sempre latentes dunha nova conflagración mundial, que de materializarse a humanidade non sobreviviría.

# Coro e Orquestra da New Filarmónica

DIRECTORA
Elisa Gómez



PROGRAMA
**Ludwig V. Beethoven:** *Novena sinfonía*



**de Ludwig Van Beethoven**
**dirección Elisa Gómez**



## CONCERTO DE NADAL
## «NOVENA SINFONÍA DE LUDWIG V. BEETHOVEN»
## no 200 aniversario do seu estreno (7 de maio de 1824)

### FICHA TÉCNICA

Elenco:
Solistas:
Javier Agulló, tenor
Alejandra Acuña, mezzosoprano
Igor Voievodin, Bajo / barítono
Rosa Gomáriz, soprano

**día 22**
**19:00 horas**

Duración: 60 min.
Descanso: Non
Clasificación: Música clásica
Público: Todos
Tarifa: A

Organiza:
Teatro Principal
Patrocina:
Deputación Ourense

La Sinfonía n.º 9 en re menor, op. 125, conocida como Coral, es una sinfonía coral compuesta por Ludwig van Beethoven entre 1822 y 1824. Es la novena y última completa de sus nueve sinfonías. Se estrenó en Viena el 7 de mayo de 1824. Muchos críticos y musicólogos la consideran como una obra maestra de la música clásica occidental y uno de los logros supremos de toda la historia de la música. Es una de las obras más conocidas de la música de práctica común y una de las sinfonías más interpretadas del mundo.

La Novena fue el primer ejemplo de un compositor importante que incluyó partes vocales en una sinfonía. El movimiento final, el cuarto, de la sinfonía presenta cuatro solistas vocales y un coro en la paralela tonalidad de re mayor modulada, conocida comúnmente como la «Oda a la alegría». El texto fue adaptado de «An die Freude», un poema escrito por Friedrich Schiller en 1785 y revisado en 1803, con texto adicional escrito por Beethoven.

En 1985, el Consejo de Europa, y más tarde la Unión Europea, adoptaron una versión adaptada por Herbert von Karajan como el Himno de Europa. En 2001, el manuscrito original de Beethoven de la partitura de la sinfonía, conservado en la Biblioteca Estatal de Berlín, se inscribió en el Registro de la Memoria del Mundo de la Unesco, donde forma parte de la herencia espiritual de la humanidad junto con otros sobresalientes monumentos, convirtiéndose en la primera partitura musical así designada.






de Laura Sarasola Pontón
**dirección Aurora Artes Escénicas**

d e c e m b r o

**PROGRAMA NADAL EN FAMILIA**

**AURORA ARTES ESCÉNICAS** «MARUXIÑA»

## FICHA TÉCNICA

Elenco:
Laura Sarasola
Alma Sarasola

**día 26**
**12:00**
**e 18:00 horas**

Duración: 45 min.
Descanso: Non
Clasificación: Teatro con música en directo
Público: Familiar a partir de 5 anos
Lingua: Galego
Tarifa: 5€

Organiza:
Teatro Principal
Patrocina:
Deputación Ourense

*Maruxiña* inspírase no conto clásico de *Polgariña* de Andersen, para relatar unha nova aventura. Un espectáculo en clave cómica, interdisciplinar con música en directo, no que a protagonista investiga o mundo que a rodea, dende que nace nunha hortensia da maceta da señora Lola. Un día Maruxiña descobre que hai un mundo moito máis grande, que hai amigos e non tan amigos... que lle gustaría voar... Pero o realmente importante é decidir libremente o que unha quere ser.






de Creación Col-lectiva
**dirección Pep Villa e Toni Albá**

## PROGRAMA NADAL EN FAMILIA

## LA PERA LIMONERA «UN TRAJE NUEVO PARA EL EMPERADOR»

### FICHA TÉCNICA

Elenco:
Sergi Casanovas
Pere Romagosa

**día 27**
**18:00 horas**

Duración: 60 min.
Descanso: Non
Clasificación: Teatro
Público: Familiar a partir de 5 anos
Lingua: Castelán
Tarifa: 10€

Organiza:
Teatro Principal
Coorganiza:
Proyecto Platea 24-25
Patrocina:
Deputación Ourense, INAEM

Su Majestad el Emperador, a pesar de tener el armario lleno a rebosar, nunca está contento con los trajes que lleva. Para satisfacerlo, su consejero hace un llamamiento a todos los sastres y modistas del Imperio para presentar sus diseños a cambio de una gran recompensa. Este traje tendrá que ser diferente, único, fantástico, y maravilloso.

La noticia llega a dos talentosos sastres extranjeros capaces de confeccionar trajes con propiedades tan extraordinarias que nunca nadie ha llegado a imaginar.

Premio FETEN 2023 Mejor Dramaturgia






coreografía Thomas Noone Dance
**dirección Thomas Noone Dance**

## PROGRAMA NADAL EN FAMILIA

## THOMAS NOONE DANCE
## «LA GATA QUE QUERÍA CAMBIAR LA HISTORIA»

### FICHA TÉCNICA

Elenco:
Berta Martí
Joel Mesa
Eleonora Tirabassi
Hector Puigdomènech

**día 28**
**18:00 horas**

Duración: 48 min.
Descanso: Non
Clasificación: Danza, monicreques e visuais
Público: Familiar a partir de 6 anos
Tarifa: 10€

Organiza:
Teatro Principal
Coorganiza:
Proyecto Platea 24-25
Patrocina:
Deputación Ourense, INAEM

Un nuevo espectáculo de títeres, danza y visuales para todos los públicos. Basado en un cuento hindú. Increíbles marionetas de animales para una historia de amistad, confianza y colaboración.
La gata, el búho, el lagarto y el ratón es una historia de cuatro animales que viven en un árbol banyan. No son amigos sino más bien presas y depredadores. Todos viven con un poco de miedo al animal que está por encima de ellos en el árbol, pero consiguen convivir. Todo cambia cuando la gata cae en una trampa de un cazador y el ratón la salva con la promesa de que nunca le matará. Después del incidente, la gata intenta hacerse amiga del ratón, pero no acaba de confiar y es finalmente el búho quien interviene. La historia pretende hablar sobre confianza y lealtad en contraste con las leyes de la naturaleza.
En la obra contamos con los cuatro bailarines que manejan los títeres, una escenografía modular que representa el árbol de banyan y situaciones inteligibles entre los personajes, como el conflicto de la gata y el ratón.
Los cuentos hindúes plantean preguntas sobre la moral y el razonamiento de los personajes. En la obra descubrimos a una Gata que se cuestiona los roles establecidos y el camino elegido para ella, a un Búho que es riguroso con las reglas, a un Lagarto que no quiere ningún tipo de esfuerzo y al Ratón, que está demasiado asustado para intentar nada.
Estrenada el 13 de julio de 2022 en Sat! Teatre dentro de la programación del Grec Festival.






## PROGRAMA NADAL EN FAMILIA
## LA FIESTA ESCÉNICA «CIRCO DE NADAL»

FICHA TÉCNICA

**días 29 e 30**
**12:00 horas**
**e 18:00 horas**

Descanso: Non
Clasificación: Circo
Público: Familiar
Tarifa: Especial
Organiza:
Teatro Principal
Patrocina:
Deputación Ourense

Este año queremos compartir con todos este gran estreno, un nuevo formato de circo, la historia más fantástica contada por la compañía La Fiesta Escénica en estos 29 años de historia.

Un cuento preparado para compartir en esta única gira de gran formato que realizaremos en los mejores teatros de toda Galicia. Un espectáculo para conmover y celebrar en familia un show lleno de circo y coreografías

Un circo como nunca se ha visto, y una historia llena de ternura, reencuentros, ilusión y cariño a la familia.

# p r o g r a m a c i ó n

| | Data | Obra | Patrocina | Tipo de entrada |
|---|---|---|---|---|
| SETEMBRO | 12 | Don Ramón del Valle-Inclán. Teatro | Deputación Ourense, | A |
| | 18 - 19 | A cincenta que non quería comer perdices. Teatro | Deputación Ourense, AGADIC | 5€ |
| | 20 | La madre. Teatro | Deputación Ourense | A |
| | 26 | Go-Home. Teatro | Deputación Ourense, AGADIC | B |
| | 27 | A loba branca. Ópera | Deputación Ourense, AGADIC | B |
| OUTUBRO | 28 a 6 outubro | Festival de cine de Ourense | Deputación Ourense, Fund. Carlos Vello | |
| | 11 | Blues Teatro Principal. Blues | Deputación Ourense | Especial |
| | 19 | Anöa. Danza | Deputación Ourense | C |
| | 17·18·20·24 a 27 | XVII FITO. Teatro | Deputación Ourense, Uvigo, AGADIC | |
| NOVEMBRO | 9 | As R(h)umorosas | Deputación Ourense, AGADIC | B |
| | 16 | Terceiro acto. Teatro | Deputación Ourense | B |
| | 22 | Voces femeninas. Música | Deputación Ourense, Coconut producciones | Especial |
| | 24 | Helen Keller, a muller marabilla. Teatro | Deputación Ourense, AGADIC | B |
| | 29 | Os elementos. Música clásica | Deputación Ourense, RFG-Consorcio de Santiago | B |
| | 30 | La Celestina. Teatro | Deputación Ourense | A |
| DECEMBRO | 15 | Camino al zoo. Teatro | Deputación Ourense, AGADIC | A |
| | 18 | Mississippi Mass Choir. Góspel | Deputación Ourense | 25-23-17-13€ |
| | 20 | Almar. Teatro | Deputación Ourense | B |
| | 22 | Concerto de Nadal. Música | Deputación Ourense | A |
| | | Nadal en familia | | |
| | 26 | Maruxiña. Teatro | Deputación Ourense | 5€ |
| | 27 | Un traje nuevo para el emperador. Teatro | Deputación Ourense, INAEM | 10€ |
| | 28 | La gata que quería cambiar la historia. Danza | Deputación Ourense, INAEM | 10€ |
| | 29 | Circo de Nadal. Circo | Deputación Ourense | Especial |

## t a r i f a s  e  d e s c o n t o s

| | butaca/platea | 1º piso | 2º piso | paraíso/VR |
|---|---|---|---|---|
| **TARIFA A** | 25 € | 25 € | 20 € | 15 € |
| **TARIFA B** | 20 € | 20 € | 17 € | 12 € |
| **TARIFA C** | 12 € | 12 € | 10 € | 8 € |
| **TARIFA D** | ENTRADA ÚNICA: 10 € | | | |
| **ESPECIAL** | | | | |

### DESCONTOS

| | |
|---|---|
| **CARNET XOVE** | 2% en butaca, platea, primeiro piso |
| **CARNET DE ESTUDANTE** | 2% en butaca, platea, primeiro piso |
| **MAIORES DE 65 ANOS** | 2% en butaca, platea, primeiro piso |
| **PARADOS SEN PRESTACIÓN ECONÓMICA** | 2% en butaca, platea, primeiro piso |
| **ABONO DE TEMPORADA** | 5% en toda a sala |
| **MOBILIDADE REDUCIDA** | (persoa que precise permanecer na súa cadeira durante o espectáculo) desconto de 10% sobre a entrada |

(Os descontos aplícanse á programación patrocinada por Deputación Ourense)

### ABONOS - DESCONTO DE 5% EN TODA A SALA

TEATRO

Teatro Español-Bravo Teatro «Ramón María del Valle-Inclán»; Barco Pirata Producciones Teatrales «La Madre»; Etiqueta Negra «Go-Home»;Etiqueta Negra Producciones «As R(h)umorosas»; Centro Drámatico Galego «Terceiro Acto»; Chévere Produccioes «Helen Keller, a muller marabilla»; Secuencia 3-Pentación-Saga-Teatre Romea «La Celestina»; Talycual-Pentación-Lázaro-La Alegría «Camino al zoo»; Raúl Rodríguez da Silva «Almar».

## t a q u i l l a

| | |
|---|---|
| **Taquilla do teatro** | dúas horas antes do comezo da función |
| **Modalidade de pago** | efectivo e tarxeta en taquilla |
| | www.teatroprincipalourense.com \| www.ataquilla.com |

### AVISO IMPORTANTE

**Programación susceptible de modificación**

**En caso de anulación dalgún dos espectáculos programados, devolverase o importe das localidades vendidas**

**Unha vez retiradas as localidades de taquilla, non se atenderá ningunha reclamación**

### HORARIO HABITUAL DE FUNCIÓNS

**de outubro a maio:**
de luns a sábado **ás 20:00 h.**
domingo e festivos **ás 19:00 h.**

**de xuño a setembro:**
de luns a sábado **ás 21:00 h.**
domingo e festivos **ás 20:00 h.**

Funcións infantís **ás 17:00 h.**
Funcións de noite **ás 22:00 h.**


AVENIDA DE PORTUGAL
S. DE MADARIAGA
PARQUE BARBAÑA
PONTE PEDRIÑAS
ERBEDELO
GOYA
JESÚS SORIA
ANTONIO PUGA
RÍO BARBAÑA
IRMÁNS XESTA
VILA VALENCIA
ALEXANDRE BÓVEDA
VÁZQUEZ
PURA E DORA
PORTO CARREIRO
TRAS ALAMEDA
RÚA DR. FLEMING
ALAMEDA DO CONCELLO
FERVEDEIRO
BAIXADA ALAMEDA
CORREOS
PARADA JUSTEL
RÚA REZA
CRUCEIRO
RÚA DO PROGRESO
RÚA CONCELLO
XOÁN XXIII
AS BURGAS
DESENGANO
PZA. BISPO CESÁREO
XARDÍNS PADRE FEIXÓO
CRUZ VERMELLA
DEPUTACIÓN
CARDEAL QUIROGA
CAPITÁN ELOY
PZA. DE PAZ NOVOA
DR. G. MARAÑÓN
PONTEVEDRA
RÚA DO PASEO
LAMAS CARVAJAL
SAN MIGUEL
CURROS ENRÍQUEZ
CERVANTES
BARREIRA
H. VILLAR
PARQUE SAN LÁZARO
SAN LÁZARO
ARCEDIAGOS
C. CEANO
PRAZA MAIOR
PADILLA
CONCELLO
CARRASCOSA
TENDAS
RÚA DA PAZ
L. XOCAS
COLÓN
OLVIDO
MARTIRIO
CATEDRAL
J. DE AUSTRIA
PZA. DO FERRO
SANTO DOMINGO
CARDEAL
LIBERDADE
PZA. SAN MARCIAL
CISNEROS
LEPANTO
QUEVEDO
VIRIATO
PAXARO
PZA. DAS MERCEDES
S. PEDRO
UNIÓN
FORNOS
PZA. DAS FLORES
GRAVINA
PIZARRO
RÚA
PZA. DO AMIO
RAMÓN
VALLE
INCLÁN
CABANILLAS
PZA. DO CORREXIDOR
AV. BUENOS AIRES
PZA. A. PÉREZ SERANTES
CABEZA DE MANZANEDA
PENA CORNEIRA
ESTRELA
SAN FRANCISCO
PENA TREVINCA
BEDOYA
MONTE SEIXO
MONTE MEDA
COUTO NOVELLE
CLAUSTRO DO CONVENTO DE SAN FRANCISCO
EMILIA PARDO BAZÁN
TELURO
AVENIDA DE LA HABANA
SERRA DE QUEIXA
RÚA DA GRANXA

i n f o r m a c i ó n

## TEATRO PRINCIPAL DE OURENSE

**Rúa da Paz, nº9 • 32005 OURENSE**

teléfonos: **988 317 960 • 988 317 963 • 988 317 964**
fax: **988 317 962**

e-mail: **oficina.teatro@depourense.es**

web: **www.teatroprincipalourense.com**

**ACCESO A MINUSVÁLIDOS:**

O Teatro Principal de Ourense dispón dunha parte do aforo acondicionado co propósito de facilitar o acceso a aquelas persoas con problemas de mobilidade.
Comunicarllo ao personal de taquillas no momento de adquirir a súa entrada, co fin de facilitarlle esa comodidade, xa que o cupo é limitado.

**OS NENOS MENORES DE 6 ANOS** deberán situarse en butaca de patio e platea.
**OS NENOS DE 6 A 10 ANOS** deberán ocupar asentos de butaca de patio, platea e 1° andar.

**O TEATRO PRINCIPAL DE OURENSE agradécelle a súa colaboración para o bo desenvolvemento das representacións.**

• Unha vez comezada a representación, o Teatro Principal de Ourense non garante o aceso á sala, dependendo este da Compañía e do tipo de espectáculo, polo que pregamos sempre puntualidade.
• O único motivo para a devolución do importe das localidades é a suspensión da representación.
• En cumprimento da lexislación vixente, non está permitido fumar no interior do edificio. Está prohibido consumir alimentos e bebidas durante a representación.
• En cumprimento dos dereitos de todos os artistas que interveñen na representación, e dos espectadores, non está permitido realizar ningún tipo de captación sonora ou visual en ningún soporte, sin autorización expresa previa.
• Lembramos que antes de entrar á sala deben desconectar os seus teléfonos móbiles, alarmas de reloxos e axendas electrónicas.



PATIO DE BUTACAS E PLATEA



PRIMEIRO PISO: PALCOS



SEGUNDO PISO: PALCOS




TERCEIRO PISO: PARAÍSO



# Teatro Principal de Ourense

www.teatroprincipalourense.com
oficina.teatro@depourense.es
teléfono: 988 317960

venda:
taquilla Teatro Principal
www.teatroprincipalourense.com

Patrocina:

DEPUTACIÓN OURENSE

Colabora:

XUNTA DE GALICIA

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

La Red española de Teatros, Auditorios, Circuitos y Festivales de titularidad pública

GOBIERNO DE ESPAÑA | MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE | inaem INSTITUTO NACIONAL DE LAS ARTES ESCÉNICAS Y DE LA MÚSICA

PLATEA PROGRAMA ESTATAL DE ARTES ESCÉNICAS

FEMP FEDERACION ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS Y PROVINCIAS